



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la seguridad vial en el Puente del Pedrido en Paderne.**

La carretera N-651 presenta varios puntos peligrosos a su paso por los diferentes municipios de la comarca de As Mariñas, siendo uno de los más conflictivos el situado en el municipio de Paderne en la intersección con la AC-164, a la salida de Puente del Pedrido, en la aldea de A Ínsua.

Tras aprobarse el acuerdo plenario del Ayuntamiento de Paderne para solicitar en este punto la construcción de una rotonda, el BNG presentó en marzo de 2023 una pregunta al Gobierno para conocer los planes para mejorar la seguridad vial en esta carretera estatal.

En el mes de abril de 2023, el Ministerio de Transporte respondió anunciando que comenzaría la redacción de un proyecto para mejorar la seguridad vial en este punto, sin embargo, no se materializaron más avances para esta necesaria actuación.

Así, es preciso impulsar y acelerar las mejoras para garantizar unas condiciones adecuadas para el tráfico y los peatones en esta intersección, que deben incluir, además de la ejecución de una rotonda, medidas complementarias para la pacificación del tráfico, así como señales luminosas, cruces peatonales y mecanismos para efectuar de forma segura la incorporación o la salida de vehículos de esta vía.

Además, cabe recordar que con el repintado de esta carretera, se eliminó la posibilidad de incorporación al núcleo de Gas desde la N-651 a su paso por la parroquia de Souto (aproximadamente en el P.K. 3+780), lo que implica una gran incomodidad para los vecinos y las vecinas, que deben aumentar considerablemente la distancia a recorrer para acceder.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:



1. ¿Qué valoración hace el Gobierno del Estado de la seguridad vial en la N-651 en su intersección con la AC-164, a la salida del Puente del Pedrido, en Souto? ¿Cree que en su estado actual está garantizada la circulación segura de vehículos y peatones?
2. ¿Dará el Gobierno del Estado cumplimiento al compromiso de redactar un proyecto para la remodelación de la intersección de la N-651 con la AC-164, a la salida del Puente del Pedrido, en Souto, tal y como anunció públicamente en el año 2023, justo antes de las elecciones municipales?
3. ¿Más allá de que el Gobierno no lo considera a día de hoy como zona de especial concentración de accidentes, cree que la remodelación del citado cruce podría mejorar la seguridad vial en este tramo de la N-651?
4. ¿De acometer la redacción del proyecto comprometido, cuál sería el calendario estimado de actuaciones? ¿Cuáles considera que serían los plazos de ejecución?
5. ¿Valora el Gobierno del Estado poner en marcha medidas para garantizar el tránsito seguro de los peatones, con la mejora del alumbrado y la señalización, así como con medidas de pacificación del tráfico, especialmente en el núcleo de Ínsua en las proximidades de las paradas de autobús?
6. ¿Valora el Estado restituir la incorporación al núcleo de Gas en el P.K. 3+780 de la N-651 para permitir un mejor acceso de los vecinos y las vecinas?

Madrid, a 17 de octubre de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 OCT. 2025 17:24:33

Entrada **85812**

SOBRE AS ACTUACIÓNS PARA GARANTIR A SEGURANZA VIARIA NA PONTE DO PEDRIDO EN PADERNE

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á seguranza viaria na Ponte do Pedrido en Paderne.**

A estrada N-651 ten varios puntos perigosos ao seu paso polos distintos concellos da comarca das Mariñas, sendo un dos máis conflictivos o situado concello de Paderne no cruzamento coa AC-164, na saída da Ponte do Pedrido, na aldea da Ínsua.

Despois de aprobarse o acordo plenario do Concello de Paderne para solicitar neste punto a construción dunha rotonda, o BNG presentou en marzo de 2023 unha pregunta ao Goberno para coñecer os plans para mellorar a seguranza viaria nesta estrada estatal.

No mes de abril de 2023 o Ministerio de Transportes respondeu anunciando que se ía iniciar a redacción dun proxecto para mellorar a seguranza da circulación neste punto, porén, non se materializaron máis avances para esta necesaria actuación.

Así, é preciso impulsar e acelerar as melloras para a garantir unhas condicións adecuadas para o tráfico e viandantes neste cruzamento, que deben incluír, ademais da execución dunha rotonda, medidas complementarias para o calmado de tráfico, así como sinais luminosos, pasos de peóns e mecanismos para efectuar de forma segura a incorporación ou saída de vehículos desta vía.



Ademais, debe lembrarse que co repintado desta estrada, eliminouse a posibilidade de incorporación ao núcleo de Gas desde a N-651 ao seu paso pola parroquia de Souto (aproximadamente no P.Q. 3+780), o que implica unha grande incomodidade para a veciñanza que se ve obrigada a aumentar considerabelmente a distancia a percorrer para acceder.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que valoración fai o Goberno do Estado da seguranza viaria N-651 no cruzamento coa AC-164, na saída da Ponte do Pedrido, en Souto? Pensa que no seu estado actual, está garántese a circulación segura de vehículos e peóns?
2. Dará o Goberno do Estado cumprimento ao compromiso de redactar un proxecto para a remodelación do cruzamento da N-651 coa AC-164, na saída da Ponte do Pedrido, en Souto, tal e como anunciou publicamente no ano 2023, xusto antes das eleccións municipais?
3. Alén de non consideralo o goberno a día de hoxe como zona de especial concentración de accidentes, pensa que a remodelación do mencionado cruzamento podería mellorar a seguranza viaria neste tramo da N-651?
4. De acometer a redacción do proxecto comprometido, cal sería o calendario estimado das actuacións? Cales considera que serían os prazos de execución?
5. Valora o Goberno do Estado pór en marcha medidas para garantir o tránsito seguro dos peóns, coa mellora da iluminación e a sinaléctica, así como medidas de calmado de tráfico, especialmente no núcleo de Ínsua nas proximidades das paradas de autobús?



6. Valora o Estado restituír a incorporación ao núcleo de Gas no P.Q. 3+780 da N-651 para permitir un mellor acceso da veciñanza?

Madrid, a 17 de outubro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso